

CAPITAN FURILO Capitán Furilo (GZ)



NOVIDADES

Escrito por Vincent Jalo
Luns, 02 de Abril do 2007



CAPITAN FURILO

Capitán Furilo
(ARP, 2007)

Polo número de grupos que saíron, polos novos estilos que se incorporaron á música popular contemporánea galega e pola calidade de moitas desas novas propostas, o 2006 parecía un ano dificilmente mellorábel. De feito polo mes de decembro a sombra da dúbida sobre o que acontecería en 2007 planexaba sobre determinados foros. O que escribe, de natureza optimista-kamikaze, confiaba plenamente en que o acontecido o pasado ano era só comezo e que o mellor aínda estaba por vir, un desexo que neste primeiro trimestre de 2007 se veu máis que cumprido, tanto pola calidade dos debuts galegos que estamos a desfrutar coma polas novas que están a chegar da copiosa cantidade de proxectos, debuts, novas formacións e segundos discos que se albiscan para o que queda de ano.

Precisamente un dos debuts que máis gratamente me sorprendeu neste primeiro trimestre foi o de Capitán Furilo, unha nova banda cuxa estética e nome nos transporta directamente a aquelas noites de domingo dos oitenta nas que a menos que foses un futbolero fechado disposto a tragar con Estudio Estadio o único que podías ver era Canción triste de Hill Street, unha serie case tan clásica coma o pop tinguido de rock que fan estes catro elementos de Lago, declarados siareiros dos Resentidos, os Rolling Stones, Yellow Pixoliñas e Inmaculate Fools.

Cada un dos catro temas que fan parte deste primeiro traballo de **Capitán Furilo** teñen un aire particular, uns máis power-pop coma *Liroy* ou *Rosa* e outros máis funk coma *Non hai problema*, pero co denominador común do culto á melodía. Cuns retrousos que se fan inesquecíveis tras a primeira escoita, unha inmediatez que a música galega precisaba con urxencia e que cada vez abonda máis.

Tras esgotar ducias de veces a batería do reprodutor de mp3 machucando o tímpano cos catro adictivos singles –tres en galego e un en inglés, por certo- cos que se apresetan Capitán Furilo non nos queda máis que agardar con impaciencia ao seu debut sobre as táboas e reclamar coma bons fans a gravación inmediata de máis temas que sacien a nosa fame *furilista*.